

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE, SEGUNDO O ARTIGO 33 DA LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, DESENVOLVEMENTO, IMPLEMENTACION E DEMOSTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE EXPERIENCIAS TECNOLÓXICAS INTERACTIVAS NO ÁMBITO FORMATIVO PARA NENAS E NENOS ENTRE 6 E 16 ANOS, COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente: AMT-2019-0021

Introdución

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega) é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 252/2011 do 15 de decembro, que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Amtega ten entre as súas competencias o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organismos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias.

O Goberno galego a través da Axenda Dixital de Galicia 2020, liderada pola Amtega e aprobada no Consello da Xunta de Galicia o 30 de abril de 2015, ten o obxectivo de impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 establece entre os seus obxectivos, promover o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade, así como impulsar a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.

Ao abeiro do anterior, a Amtega deseñou o *Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia (DICO Mindset)*, aprobado no Consello da Xunta de Galicia o 1 de marzo de 2018, co dobre obxectivo de:

- (1) impulsar a modernización e innovación tecnolóxica do sector de contidos dixitais, e por ende, contribuír a afianzar os piares fundamentais nos que se asente unha mellora da competitividade determinando a perspectiva do sector, tendencias e casos de referencia dende a perspectiva da evolución tecnolóxica;
- (2) dinamizar a xeración e posta en marcha de proxectos para a transformación dos sectores produtivos de Galicia, aproveitando ao máximo as oportunidades que brindan as



novas tendencias tecnolóxicas con base nos contidos dixitais para reforzar a súa competitividade e mellorar o seu posicionamento a nivel nacional e internacional.

Neste contexto, o 19 de xullo de 2018, a AMTEGA e a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) asinaron o Convenio de colaboración para o desenvolvemento dun proxecto de innovación tecnolóxica no marco do Plan de impulso aos contidos dixitais en Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

A presente licitación enmárcase no establecido na cláusula segunda do devandito convenio relativo ao desenvolvemento dun proxecto de innovación no ámbito de novas tendencias en contidos interactivos, con aplicación no ámbito educativo.

Posteriormente, publicouse a Resolución do 17 de xullo de 2018, conxunta da AMTEGA e a CRTVG pola que se aproba a convocatoria de consultas preliminares ao mercado, coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos citados operadores económicos acerca dos seus plans e dos requisitos que se esixirán para concorrer ao procedemento.

A partir dos resultados das consultas ao mercado realizadas, na páxina web do proxecto (<https://amtega.xunta.gal/dicomindset>) publicáronse os documentos relativos á ficha de avance e ao mapa de demanda temperá, así como o informe final das consultas ao mercado.

A presente licitación enmárcase nas excepcións previstas na Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, pola que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptibles de autoprovisión, e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, xa que en atención á natureza especializada das prestacións que constitúen o seu obxecto e a escaseza de medios propios desta axencia pública autonómica, tal como se recolle no informe de necesidade e idoneidade que se recolle neste informe, resulta preciso acudir á contratación externa para garantir a correcta satisfacción das necesidades neste ámbito.

Necesidade do contrato e idoneidade do seu obxecto

Para os efectos esixidos polo artigo 28 la LCSP, esta contratación responde á necesidade de desenvolver o Plan de acción DICO Mindset, co obxectivo de impulsar actuacións que contribúan a fomentar a creación de contidos dixitais orientados a un mercado global e que se atopen caracterizados polo seu efecto arrastre no sector, na innovación, así como no desenvolvemento de novas tecnoloxías no sector dos contidos dixitais.

Entre as actuacións previstas no marco do devandito plan está o desenvolvemento de accións en colaboración coa CRTVG cos seguintes obxectivos:

- Conseguir mecanismos de estímulo axeitados para as empresas do sector.
- Potenciar o desenvolvemento do sector de contidos dixitais en colaboración cos axentes.



- Lograr o efecto de arrastre no sector, estimulando a comercialización fóra da comunidade autónoma.
- Fomentar un sector máis competitivo

En concreto, o DICO Mindset, contempla a articulación de proxectos tractores para a modernización e a innovación tecnolóxica no ámbito dos contidos dixitais en Galicia co fin de avanzar na configuración dun sector de contidos dixitais galego máis potente, maduro e competitivo. Estas accións teñen un carácter de interese xeral porque contribuirán ao potenciamento do desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, á xeración de emprego no hipersector TIC, así como á xeración de novas actividades empresariais en Galicia.

O desenvolvemento destas actuacións ten como obxectivo acadar a configuración de solucións que adopten as posibilidades audiovisuais e tecnolóxicas innovadoras que ofrece o mercado e permitan engadir valor á produción e distribución de contidos dixitais, así como dinamizar o ecosistema dixital na comunidade Autónoma de Galicia.

Elección do procedemento

Ao abeiro do previsto nos artigos 131 e 166 a 171 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), este contrato de servizos adxudicárase mediante un procedemento de licitación con negociación, considerando que a prestación do obxecto do contrato inclúe un proxecto ou solucións innovadoras, aberto á proposta máis vantaxosa atendendo aos criterios de valoración, considerando os aspectos susceptibles de negociación, co fin de facilitar a libre concorrncia e os principios de non discriminación e igualdade de trato entre todos os posibles licitadores . O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se teñan presentado un número suficiente de solucións ou de candidatos adecuados.

A contratación propónse nun único lote por considerar que as actividades incluídas no contrato constitúen unha conxunto coherente e necesario de tarefas para acadar o obxectivo de garantir o funcionamento adecuado do sistema obxecto de contratación.

A tramitación deste expediente de contratación realizarase de xeito ordinario ao non existir necesidade específica que motive unha tramitación urxente, e documentalmente simplificada ao abeiro do previsto no artigo 140 da LCSP, no Regulamento de execución (UE) 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación e no artigo 24 da Lei 14/2013. dp 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A súa licitación anunciarase no Diario Oficial da Unión Europea segundo se establece no artigo 135.1 da LCSP e no Perfil do contratante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia situado na Plataforma de Contratación Pública de Galicia.



Criterios de adxudicación

De acordo co previsto no artigo 145 da LCSP, os criterios de avaliación que se terán en consideración para os efectos de determinar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, establecidos nos pregos, son

Índice	Criterio	Avialable Mediante Fórmulas	Puntuación
1	Oferta técnica	N	75
1.1	Proposta de solución técnica	N	20
1.2	Proposta de plan de cualificación	N	8
1.3	Proposta para a fase de operación	N	12
1.4	Ciclo de vida do produto ou servizo	N	2
1.5	Plan e organización de proxecto	N	8
1.6	Características tecnolóxicas da experiencia interactiva de demostración da plataforma.	S	15
1.7	Número de indicadores clave (KPIs) independentes dispoñibles no cadro de mando na plataforma	S	10
2	Factores económicos	S	25
2.1	Condicións de participación en beneficios de explotación	S	10
2.2	Prezo	S	15
		TOTAL	100

Motivada pola especificidade do servizo a prestar deberá acadarse unha puntuación mínima de **25 puntos nos criterios non avialables mediante fórmulas (sobre B)**, para que a proposta sexa obxecto de valoración nos criterios avialables mediante fórmulas (sobre C), resultando excluída de dita valoración de non alcanzarse o mínimo sinalado.

A xustificación dos criterios de avaliación elixidos é a seguinte:

- **[1.1]. Proposta de solución técnica (20 puntos).** Valorarase a capacidade da solución proposta para responder as necesidades descritas no PPT, o grao de innovación da solución, o grao de madurez tecnolóxica dos distintos compoñentes e a viabilidade de alcanzar o TRL9 no prazo de creación da solución ofertado polo licitador. Ademais, valoraranse o alcance e adecuación da orientación funcional inicial da proposta, xunto co aporte de valor engadido sobre o marco funcional especificado no prego, ademais da identificación de fitos técnicos intermedios e os plans de proba asociados aos devanditos fitos.



- **[1.2]. Proposta do plan de cualificación (8 puntos).** Valorarase o grao de detalle da contorna de cualificación proposto, o grao de detalle na descrición das probas para realizar, a proposta de indicadores e métricas a empregar e o grao de detalle na identificación dos riscos asociados.
- **[1.3]. Proposta para a fase de operación (12 puntos).** Neste apartado valórase a proposta de operación da solución creada, así como a coherencia e oportunidade do modelo de negocio proposto e a descrición e detalle do resultado obtidos. Ademais valorarase tamén a coherencia da duración da fase de operación cos prazos necesarios para a fase de creación da solución e a execución do plan de cualificación
- **[1.4]. Ciclo de vida do produto ou servizo (2 puntos).** Valórase neste apartado o grao de detalle na descrición do ciclo de vida, en anos, da solución proposta para o usuario final, así como a coherencia na proposta de número de anos de servizo antes de que o produto ou servizo deba ser substituído ou substancialmente modernizado.
- **[1.5]. Plan e organización de proxecto (8 puntos).** Valóranse neste apartado os aspectos relativos ao plan de traballo proposto e á organización dos traballos e da prestación do servizo.
- **[1.6]. Características tecnolóxicas da experiencia interactiva de demostración da plataforma (15 puntos).** Valórase neste apartado a duración da experiencia interactiva, así como o número de dispositivos para o que estea deseñada e o número de tecnoloxías que enriquezan o contido.
- **[1.7]. Número de indicadores clave (KPIs) independentes dispoñibles no cadro de mando na plataforma (10 puntos).** Valórase o número de indicadores no cadro de mando da plataforma que permita establecer patróns de uso e modelos predictivos.
- **[2.1]. Condicións de participación en beneficios de explotación (10 puntos).** Utilizarase para a valoración da oferta a porcentaxe de participación da Amtega nos beneficios por comercialización dos produtos desenvolvidos no proxecto.

A porcentaxe ofertada polo licitador non poderá ser superior ao 10%. En caso de ofertar un valor superior considerarase ofertado un 10%, e empregarase devandito valor a efectos do cálculo da puntuación da oferta do licitador neste criterio de adxudicación.

A puntuación das distintas ofertas obterase utilizando a seguinte fórmula:

$$Vi = 10 * \frac{\% \text{ ofertado . sobre . os . beneficios}}{\% \text{ máximo . ofertado . sobre . os . beneficios}}$$

Onde:



V_i = Puntuación da oferta presentada

%ofertado.sobre.os.beneficios = % que oferta a empresa de participación da Amtega nos beneficios por comercialización

%máximo.ofertado.sobre.os.beneficios = % de participación máximo ofertado por algún dos licitadores (mellor oferta))

- **[2.2]. Prezo (15 puntos).** O outro elemento de valoración e o prezo, onde é relevante obter o resultado do obxecto da contratación a o menor custe posible.

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 15 puntos de acordo cos criterios que de seguido se indican:

- No caso de que existan 5 ou menos propostas admitidas a valoración deste criterio no procedemento de contratación:

$$V_i = 15 \times \left(\frac{B_i}{B_e} \right)^{\frac{1}{8-n}} \quad \forall B_i$$

- No caso de que existan máis de 5 propostas admitidas a valoración deste criterio no procedemento de contratación:

$$V_i = 15 \times \left(\frac{B_i}{B_e} \right)^{\frac{1}{2}} \quad \forall B_i$$

Onde:

V_i = Valoración da proposta económica presentada en escala de 0-10 puntos

B_i = Baixa da proposta para a que se quere determinar a puntuación


B_e = Baixa da proposta máis económica de todas as admitidas

n = Número de propostas admitidas

Na aplicación destas fórmulas entenderase por “baixa da oferta” a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído) expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

Para comprobar o comportamento da fórmula que se está a utilizar para a valoración do criterio “Prezo” amósase o resultado da súa aplicación mediante o seguinte gráfico no que se pode ver a evolución do prezo dependendo do número de ofertas (establecidos na cor) e o cociente entre a baixa da oferta e a mellor baixa.





Con respecto á fórmula e o seu comportamento, dedúcese o seguinte:

- Dado que sen coñecer o resto de ofertas, non é posible saber cal é a mellor proposición nin a súa baixada, non é posible coñecer a baixa da mellor proposición que é o que determina a puntuación, por tanto a fórmula non é predicible.
- A diferenza de puntuación depende do número de ofertas, a máis ofertas máis similitude a unha formula completamente lineal. Dos exemplos pódese comprobar que a fórmula do criterio “Prezo” valora en todo caso as baixas económicas, aínda que puntúa en máis medida os primeiros esforzos de baixa económica, reducíndose o incremento da valoración a medida que os descontos se achegan aos limiares de baixa temeraria. Este comportamento é menos acusado (achegándose a un comportamento lineal) en escenarios cun maior número de ofertas e polo tanto máis concorrência, e é máis acusado en caso de poucas ofertas.
- Sobre se con pequenas diferenzas de prezo prodúcense grandes diferenzas de puntuacións, ou se con grandes diferenzas de prezo prodúcense pequenas diferenzas de puntuación, esta situación non se produce salvo no caso de ofertas fóra de mercado. O obxectivo de fórmula volve ser que unha oferta artificialmente baixa NON distorsione a puntuación de prezo, dado que a máxima puntuación se adxudica á oferta máis baixa. Por



tanto a fórmula, non sendo lineal, non é desproporcionada nin arbitraria, non contraria a que maiores baixadas de prezo consigan maiores puntuacións para o licitador e maiores aforros para a administración. Cabe lembrar que a dita baixada non se pode considerar desincentivada na medida que a puntuación dun licitador depende da mellor baixada que é un valor descoñecido no momento de licitación.

De acordo co anterior, os criterios de adxudicación seleccionados considéranse os máis axeitados aos obxectivos que se perseguen con esta contratación, pois garanten dun xeito obxectivo que a oferta seleccionada sexa a que proporcione un mellor nivel de rendemento en termos de oferta economicamente máis vantaxosa así como unha mellor relación calidade/prezo.

Condições de solvencia

Atendendo as condicións mínimas de solvencia esixidas para esta contratación, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia de conformidade co disposto a continuación:

- Medios de acreditación da solvencia económica e financeira. De conformidade co disposto no artigo 87 da LCSP, acreditarase a través do seguinte medio:
 - **Volume anual de negocios** do licitador por **un importe igual ou superior ao 25% do valor estimado de licitación desta contratación, IVE excluído (327.635,13 €)**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil se o empresario estivera inscrito no dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

O importe desta solvencia xustifícase pola necesidade de garantir a selección dunha empresa solvente economicamente dentro dos límites establecidos no artigo 87.1 da LCSP, considerándose suficiente esta contía e non sendo preciso requirir unha solvencia económica e financeira superior

- Medios de acreditación da solvencia técnica. De conformidade co disposto no artigo 89 da LCSP, acreditarase mediante:
 - Unha relación, selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato no curso de como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado das mesmas. Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos documentos obrantes en poder do





mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Reputarase solvente o candidato que teña realizado, nos tres últimos anos, un conxunto de servizos ou traballos que sumen, polo menos, un importe igual ou superior ao 25% do valor estimado de licitación desta contratación, IVE excluído (**327.635,13 €**) que garden relación co obxecto do contrato e que ademais acredite a experiencia mínima que se indica no seguinte cadro:

	Mínimo necesario
Experiencia no desenvolvemento implantación de plataformas tecnolóxicas de xestión de información.	2 referencias válidas
Experiencia no deseño e produción de contido audiovisual (programas/series audiovisuais, películas ou videoxogos).	2 referencias válidas
Experiencia no deseño ou na validación de contidos cun enfoque formativo/pedagóxico con elementos de gamificación.	2 referencias válidas
Experiencia no desenvolvemento, investigación ou implantación de ferramentas ou solucións de interactividade (Realidade Aumentada, Realidade Virtual...).	1 referencias válidas
Experiencia no desenvolvemento investigación ou implantación de solucións baseadas en tecnoloxías de análise avanzada de datos ou intelixencia artificial.	1 referencia válida

Tomarase como referencia do fin do dito período o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Importe calculado e carácter anormal ou desproporcionado das ofertas

O prezo deste servizo determinase a tanto alzado, atendendo aos prezos de mercado correspondentes aos traballos obxecto desta contratación incluíndo, como é habitual neste tipo de traballo, os custos necesarios para a súa posta en marcha. A determinación do prezo foi realizada en base a experiencia da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na contratación deste tipo de servizos e considerando un promedio dos prezos de mercado no momento vixente, ademais doutra información pública dispoñible. O proxecto traducirase na implementación da plataforma, ademais da demostración do funcionamento da mesma a través dunha peza audiovisual interactiva coas características que se definan.

A determinación estimativa do importe calculado foi a seguinte, considerando unha **tarifa media de 34,73 € (s/IVE)**, e un prazo de execución de 20 meses:



A determinación estimativa do importe calculado no relativo á participación de persoal estimada foi a seguinte:

Perfil	Núm.horas	Tarifa/hora do perfil (sen IVE)	Total (sen IVE)
Xefe de Proxecto (x1)	2.933	50,00 €	146.650,00 €
Analista Funcional (x2)	5.867	38,00 €	222.946,00 €
Analista Programador (x2)	5.867	33,50 €	196.544,50 €
Programador (x3)	8.800	25,00 €	220.000,00 €
Técnico especialista (x3)	8.800	38,00 €	334.400,00 €
	32.267	Total (sen IVE)	1.120.540,50 €
		Tarifa media s/IVE	34,73 €

No relativo á peza audiovisual interactiva que deberá presentarse aos efectos de demostrar o funcionamento da plataforma, atendendo a prezos de mercado pode estimarse en 190.000 €.

Para a determinación do orzamento base de licitación utilízase unha estimación, meramente orientativa, dos custos directos (95%) e indirectos (5%) derivados da execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato, sen que a dita distribución entre custos directos e indirectos vincule en modo ningún aos distintos licitadores. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, a efectos do seu abono ao contratista, é o de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.

De acordo co exposto, acordouse fixar un orzamento de licitación de 1.310.540,50 € máis 275.213,51 €, que corresponden ao IVE (21%), o que supón un total de **1.585.754,01 €** (UN MILLÓN CINCOCENTOS OITENTA E CINCO MIL SETECENTOS CINCUENTA E CATRO CON UN EUROS)

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devindiquen por razón do contrato. En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP.

O valor estimado do contrato calculouse da seguinte maneira:

Orzamento base de licitación sen IVE:	1.310.540,50 €
Posibilidade de prórroga:	0,00 €
Posibilidade de modificación	0,00 €
TOTAL:	1.310.540,50 €



Tendo en conta o obxecto deste contrato de servizos, prevese o seu financiamento con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.640.0 (código de proxecto 2015 00006) do orzamento de gastos deste órgano de contratación, coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	IMPORTE (IVE incluído)
2019	555.013,91 €
2020	951.452,40 €
2021	79.287,70 €
TOTAL	1.585.754,01 €

Para determinar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas comparase a proposta económica en relación a un criterio de baixa desproporcionada que se calcula tomando como referencia o promedio das propostas económicas presentadas.

En concreto, para determinar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas considerárase que están incursas en presunción de temeridade as proposicións cunha B_i que exceda en 10 ou máis unidades ao valor da “Baixa de referencia” (B_r).

Para a obtención de B_r requírese previamente a definición de “baixa media” (B_m) en función da media aritmética das ofertas:

$$O_m = \frac{1}{n} * \sum_{i=1}^n O_i$$

$$B_m = 100 * \left(\frac{Pl - O_m}{Pl} \right)$$

- No caso de que existan 5 ou menos propostas admitidas no procedemento de contratación:

- $B_r = B_m$

- No caso de que existan máis de 5 propostas admitidas no procedemento de contratación:

Determinárase inicialmente a “desviación típica” das baixas ofertadas:

$$\sigma = \sqrt{\frac{1}{n} * \sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}$$

Para o cálculo de B_r elixíranse, entre todas as ofertas, tan só aquelas cunha baixa que estea comprendida no intervalo $B_m \pm \sigma$, é dicir:

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$



Finalmente establecerase o valor da “baixa de referencia” (Br) como a media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición anterior.

Polo tanto a baixa con carácter anormal ou desproporcionada sería a que se separase en máis de 10 unidades porcentuais da media das baixas, polo tanto aquela que se separe da baixada media do mercado. Para o calculo dese baixada media, exclúense aquelas separadas da media en máis da desviación típica, e que polo tanto poden distorsionar o cálculo desa media. No caso de que existan poucas ofertas, non se ten en conta esa desviación típica, pois tamén se ve distorsionada por as devanditas ofertas afastadas da media. En base o indicado, xustifícase que o obxectivo é determinar aquelas ofertas cunha baixa que se sitúa fora das baixadas do mercado, excluídas neste calculo aquelas ofertas con baixadas destinadas a distorsionar a baixada típica do mercado.

Conclusión

Polo tanto, en base as razóns expostas, entendemos que está fundamentada a necesidade de proceder a esta contratación así como a idoneidade do obxecto e do contido da mesma para a contratación do servizo de deseño, desenvolvemento, implementación e demostración dunha Plataforma de Experiencias Tecnolóxicas Interactivas no ámbito formativo para nenas e nenos entre 6 e 16 anos, cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Este informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación recolle a xustificación requirida segundo o artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e ten o carácter de informe da unidade administrativa promotora do contrato referido, segundo o estipulado nos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Santiago de Compostela,

Rosa Méndez Calvo

Directora da área de Sociedade Dixital

